

# DESIGN EN CONVERXENCIAS ARTISTAS

3 / 31 maio 2018

## EXPOSICIÓN ESCOLA DE ARTE E DESEÑO RAMÓN FALCÓN

REFECTORIO DO  
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Grao en **Deseño de Interiores**

Grao en **Deseño Gráfico**

Ciclo formativo de grao superior  
de **Cerámica Artística**

Ciclo formativo de grao superior  
de **Fotografía Artística**

Ciclo formativo de grao  
superior de **Gravado e Técnicas  
de Estampación**

Ciclo formativo de grao medio de  
**Serigrafía**

Don Darío Campos Conde, Presidente da  
Deputación de Lugo ten o pracer de invitalo/a á  
inauguración da exposición:

### CONVERXENCIAS 2018

que terá lugar o vindeiro xoves, día **3 de maio**  
de 2018, ás **20:00** horas, no Refectorio do  
Museo Provincial de Lugo.

Tel. 982242112  
difusion@museolugo.org

Máis información:



IMAXE GRÁFICA: Andrés Álvarez Mercador  
2º D. Gráfico, EASD Ramón Falcón



DEPUTACIÓN DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO  
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



escola de arte e superior de deseño  
Ramón Falcón . Lugo

**A Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo presenta na Deputación Provincial de Lugo a exposición Convergencias 2018. A mostra está composta por unha selección de obras e proxectos realizados nos derradeiros anos polos alumnos dos diferentes ciclos e estudos impartidos no centro.**

**CONVERGENCIAS 2018**

Os proxectos dos alumnos das Ensinanzas Superiores de **Deseño Gráfico** conciben e expresan o labor do deseñador gráfico como a dun creador cuxa actividade ten por obxecto a utilización da linguaxe gráfica para xerar mensaxes e transmitir contidos de natureza diversa en todos aqueles eidos da comunicación que a sociedade precise. Está claro que o obxectivo da Escola de Arte e Superior de Deseño é formar deseñadores que ademais de optimizar os procesos de comunicación sexan capaces de analizar, innovar, investigar, transmitir valores, difundir cultura e adquirir unha responsabilidade social e ambiental.

Por outro lado, os proxectos dos alumnos das Ensinanzas Superiores de **Deseño de Interiores**, demostran unha notable capacidade para analizar, investigar e proxectar, e expresan a súa vocación de dirixir equipos de proxectos e de execución de obras de deseño de interiores, ao mesmo tempo que manifestan a versatilidade destes futuros profesionais para actuar como interlocutores directos ante as administracións públicas no ámbito da súa profesión. Os ámbitos principais onde desenvolven as súas actividades son: vivenda e deseño dos espazos interiores para o hábitat; deseño de espazos comerciais e de ocio; deseño de espazos administrativos; deseño de espazos culturais, educativos e lúdicos; deseño de espazos efémeros; rehabilitación de vivendas; paisaxismo e deseño de espazos públicos; xestión empresarial de actividades creativas; deseño dos espazos interiores dos distintos sistemas de transporte; xestión de obras, me-

dicións, orzamentos e prevención de riscos e dirección de obras no ámbito do deseño de interiores; investigacións e docencia.

A fotografía e os medios audiovisuais tamén están presentes na mostra coas obras dos alumnos do Ciclo Formativo de Grao Superior de **Fotografía Artística**. Estes estudos teñen como obxectivo dar unha formación integral no campo da fotografía, desenvolvendo a creatividade e o coñecemento desta disciplina artística. O noso plan de estudos consta de dous cursos académicos ademais dun proxecto fin de carreira e unhas prácticas en empresa, que se levan a cabo tamén no segundo ano. Combina a práctica fotográfica diaria, encamiñada á realización de traballos profesionais e proxectos fotográficos persoais, coa impartición de coñecementos técnicos. A todo isto hai que engadir, ademais, unha reflexión sobre a teoría, a historia da fotografía e da imaxe audiovisual.

Os traballos dos alumnos do Ciclo Superior de **Cerámica Artística**, serven de paradigma para entender as ensinanzas impartidas nesta disciplina, orientada a formar profesionais cun amplo coñecemento técnico, artístico e cultural, que os capacita para exercer a súa actividade, ben en empresas cerámicas, ben realizando un labor no seu propio obradoiro, xa sexa no eido artístico, artesanal ou industrial. A duración do ciclo é de dous cursos académicos, cun proxecto final e prácticas en empresa, titulándose como Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Cerámica Artística. Estes estudos,

permiten o acceso a outros estudos como: Arquitectura Técnica, Enxeñería, Deseño industrial, Maxisterio, (Educación Especial, Infantil e Primaria), Belas Artes, Xeoloxía, Historia da Arte, aos Graos de Artes Plásticas e Deseño e aos Graos de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

Tamén están presentes con identidade propia as obras dos alumnos do Ciclo Formativo de Grao Superior en **Gravado e Técnicas de Estampación**. As matrices, talladas, impresas, os gravados, acompañannos coa súa maxia expresiva, ledicia e sensibilidade nesta exposición, materializada por futuros profesionais os cales mantendo viva a tradición atópanse na vangarda, deixándonos a súa pegada, a súa impronta, a súa persoal fabulación de soños e realidades.

A Serigrafía tamén ten presenza na exposición. Podemos aproximarnos ao traballo desenvolvido polos alumnos do Ciclo Medio de **Serigrafía Artística**, que ao finalizar seu período formativo reciben a titulación de Técnicos en Serigrafía Artística en Artes Plásticas e Deseño. As súas obras demostran un control dos procesos básicos de realización da serigrafía artística, con métodos tradicionais e actuais propios desta especialidade, analizando as especificacións técnicas dos materiais utilizados e organizando os medios de produción e as medidas para seu mantemento periódico preventivo. Estas serigrafías seleccionadas ademais evidencian unha notable capacidade para aplicar con rigor a reprodución fotomecánica, a supervisión e a realización da impresión.

